

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 20 da Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal da seguinte información non ten que ser conservada indefinidamente?

- A) Follas de petición de interconsulta.
- B) Follas de alta voluntaria.
- C) Informes de anestesia.
- D) Follas de consentimento informado.

2. A Lei 55/2003, do Estatuto Marco do persoal estatutario, no seu artigo 6 e atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, clasifica o persoal estatutario sanitario en:

- A) Facultativos especialistas de área e diplomados universitarios de enfermaría.
- B) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- C) Facultativos, diplomados universitarios e auxiliares de enfermaría.
- D) Persoal técnico e persoal auxiliar.

3. Segundo a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, considéranse como "danos derivados do traballo":

- A) As enfermidades profesionais.
- B) As lesións ou enfermidades sufridas como consecuencia dun accidente de traballo.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) As lesións físicas sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

4. Atendendo á Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado:

- A) Pode ser solicitado por calquera profesional do centro sanitario.
- B) En ningún caso pode ser otorgado en substitución doutra persoa.
- C) A prestación do consentimento informado é un deber para os pacientes.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

5. A Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, establece que a atención especializada caracterízase por:

- A) Un enfoque global e integrado da atención da saúde.
- B) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios definidos.
- C) Alta intensidade dos coidados requiridos.
- D) A canalización da asistencia requirida polo paciente en calquera punto do sistema.

6. Segundo o disposto no artigo 6 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo efectuarase con carácter xeral polo procedemento de:

- A) Libre designación.
- B) Oposición.
- C) Concurso.
- D) Concurso-oposición.

7. De conformidade co artigo 1 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois.
- B) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- D) Todos os españois residentes no territorio nacional en situación de alta na seguridade social.

8. Segundo a Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspóndelle a:

- A) O consello da Xunta de Galicia.
- B) A consellería competente en materia de sanidade, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello da Xunta de Galicia.
- C) O presidente da Xunta de Galicia.
- D) O Consello galego de saúde.

9. Sinale a afirmación falsa de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en relación co persoal que desempeña unha praza en comisión de servizos:

- A) Está obrigado a participar no seguinte concurso de traslados.
- B) Ten dereito á reserva da súa praza de orixe.
- C) A praza cuberta en comisión de servizos ofértase no seguinte proceso de provisión de prazas que sexa convocado.
- D) Ningunha das anteriores é falsa.

10. Segundo o artigo 43.2 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o complemento destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade, denomínase:

- A) Complemento específico.
- B) Complemento de produtividade.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento de atención continuada.

Preguntas de reserva

1. De acordo co artigo 3 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente:

- A) Á promoción da saúde e o tratamento das enfermidades.
- B) Á promoción do benestar integral e á prevención das enfermidades.
- C) Á promoción do benestar integral e á educación sanitaria.
- D) Á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

2. De acordo co artigo 67 da Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, modificado pola Lei 1/2018, o Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en:

- A) Áreas de xestión integrada, distritos sanitarios e comarcas sanitarias.
- B) Estruturas sanitarias, distritos sanitarios e zonas básicas de saúde.
- C) Áreas sanitarias, hospitais e atención primaria.
- D) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.